

NOVAS PROCESOS SELECTIVOS:

- SEGUNDOS EXERCICIOS P. INTERNA A1 e A2
- REVISIÓN ALEGACIÓNS NOTAS 1º EXERCICIO AUXILIARES DE CLÍNICA C2

Santiago de Compostela 01/10/2021

Publicadas, en DOG, as Resolúcións dos tribunais da promoción interna comunicando data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio do proceso selectivo:

- **Subgrupo A1**, convocado pola Orde do 7 de xaneiro de 2020, segundo exercicio da oposición:
 - Día: **20 de outubro de 2021**
 - Hora de inicio do chamamento único: **16.00 horas**
 - Lugar: **aulas 7 e 11 da EGAP.**
- **Subgrupo A2**, convocado pola Orde do 7 de xaneiro de 2020, segundo exercicio da oposición:
 - Día: **30 de outubro de 2021**
 - Hora do inicio do chamamento único: **16.30 horas.**
 - Lugar: **Feira Internacional de Galicia en Silleda.**

Resolución do tribunal da escala de **auxiliares de clínica, subgrupo C2**, do corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado pola Orde do 20 de febreiro de 2019.

Logo do exame das alegacións presentadas polos aspirantes sobre as listaxes de puntuacións publicadas no DOG do 18 de xuño, e feita unha nova corrección respecto de cinco aspirantes, todos eles ven incrementada a súa puntuación e dous pasan a superar o exercicio.

Feita a comprobación da corrección acadaron o **límite mínimo** de:

- **40 respostas, un total de 540 aspirantes no conxunto da quenda de acceso libre (524 libre e 16 pola quenda de discapacidade).**
- **30 respostas, un total de 2 aspirantes na quenda de promoción interna.**